

## ACTA DA COMISIÓN PERMANENTE DA FACULTADE DO 14 DE SETEMBRO DE 2016

### Asistentes:

Arribas Álvarez, MCarmen  
Cid Narváez, Daniel  
Comendador Rey, Beatriz  
Fdez Contreras, MCarmen  
Prada Rodríguez, Julio  
Reboreda Morillo, Susana

### Desculpan a súa ausencia:

No Decanato da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión Permanente, o mércores 14 de setembro de 2016, ás 10.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 9 de setembro de 2016

- Lectura e aprobación da acta anterior (5 de maio de 2016)
- Resolución das solicitudes de recoñecementos presentadas polos alumnos Izham Díaz Parra e Tania Conde González

### Adenda:

- Aprobación, se procede, da solicitude de recoñecementos presentada fóra de prazo polo alumno Benito Vilas Estévez
- Rolda de intervencións

### 1. Lectura e aprobación da acta anterior (5 de maio de 2016)

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

### 2. Resolución das solicitudes de recoñecementos presentadas polos alumnos Izham Díaz Parra e Tania Conde González

O alumno Izham Díaz Parra solicita o recoñecemento da materia de *Inglés para Humanidades* polo Cert-Acles-English B1 do Centro de Linguas. Consultada a docente que imparte a materia, Beatriz Figueroa, nos indica que non se poden recoñecer cursos de lingua por unha

materia, só sería posible recoñecer materias universitarias ou materias de ciclos de FP cos que haxa convenio. Polo que se lle denega a solicitude de recoñecemento.

A alumna Tania Conde González solicita o recoñecemento das materias *Introdución á etnoloxía, Linguaxes e técnicas artísticas e Arte clásica*. Consultados os docentes que imparten as devanditas materias (Ladislao Castro e Ángel Domínguez), acórdase conceder os devanditos recoñecementos.

### **3. Aprobación, se procede, da solicitude de recoñecementos presentada fóra de prazo polo alumno Benito Vilas Estévez**

A comisión acorda aceptar a solicitude de recoñecementos fóra de prazo coa condición de que o alumno presente un escrito formal como solicitude.


Apróbase recoñecer todas as materias básicas e obrigatorias do Grao en Xeografía e Historia agás as materias das áreas de Xeografía e de Historia da Arte.

### **4. Rolda de intervencións**

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10.30 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas